CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.</li> <li>- Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.</li> <li>- Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.</li> <li>- Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</li> <li>- Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.</li> <li>- Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.</li> <li>- Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.</li> <li>- Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.</li> <li>- Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.</li> <li>- Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.</li> <li>- Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.</li> </ul>
CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.</li> <li>- Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.</li> <li>- Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.</li> <li>- Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.</li> </ul>
<b>CSIEE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.</li> <li>- Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.</li> <li>- Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. - Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.</li> <li>- Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.</li> <li>- Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.</li> <li>- Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</li> <li>- Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.</li> <li>- Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.</li> <li>- Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.</li> <li>- Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.</li> <li>- Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.</li> <li>- Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.</li> <li>- Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.</li> <li>- Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.</li> <li>- Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.</li> <li>- Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.</li> <li>- Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.</li> <li>- Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.</li> <li>- Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.</li> <li>- Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.</li> <li>- Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.</li> </ul>

## 7. METODOLOXÍA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E TELEMÁTICA

### 7.1.Aspectos xerais

- Os contidos traballaranse gradualmente, partindo da competencia inicial do alumnado reflectida na avaliación inicial, priorizando as actividades de tipo procedemental, especialmente no comezo do curso, para asegurar unhas bases sólidas para o resto do tempo. O enfoque estará claramente orientado á realización de tarefas e á resolución de casos prácticos.
- Coa finalidade de conseguir eses obxectivos potenciaremos as actividades participativas, aquelas nas que o alumnado teña que esforzarse por usar a súa capacidade de análise, imaxinación e cooperación. Combinaremos, polo tanto, o traballo cooperativo co traballo individual, sen esquecer a diversidade presente na aula, con alumnos de diversas capacidades e ritmos de aprendizaxe. As TIC tamén estarán presentes na aula na medida en que os recursos o permitan.

### 7.2. Estratexias metodolóxicas

- Organización dos contidos por medio de esquemas e síntese, o máis sinxelo, ata lograr a realización de organigramas e mapas conceptuais.
- Corrección na expresión cunha linguaxe específica da disciplina.
- Comprensión dos contidos dentro dun proceso continuo de construción dos coñecementos. elaboración de traballos de indagación a partir de fontes diversas (escritas, mapas, imaxes, audiovisuais, informáticas...).
- Resolución de problemas diversos a través de debates e argumentacións.
- Simulacións.
- Creación de material TIC por parte do alumnado

### 7.3. Outras decisións metodolóxicas

#### ➔ AGRUPAMENTOS:

- Os agrupamentos serán preferentemente individuais, aínda que en determinadas actividades introduciremos grupos reducidos ou parellas, para fomentar as relacións e variarán segundo o contido, o material, etc.

#### ➔ TEMPOS:

- Hai tres sesións semanais de IAEE por grupo. SEP
- O tempo total da sesión é de 50 minutos, pero o tempo real de actividade verase reducido a aproximadamente en 45 minutos, xa que pérdense varios minutos ao encender/apagar os equipos.
- En termos xerais, vanse respectar os tempos marcados na secuenciación e temporalización dos contidos das táboas, mais estes poden variar en función das distintas dificultades e necesidades observadas no día a día da aula. Neste caso faríanse as modificacións oportunas.

#### ➔ ESPAZOS:

- A actividade lectiva desenvolverase na súa totalidade na aula de informática do centro.

### 7.4. Contribución aos plans e proxectos do centro:

- **Contribución ao Proxecto Lector:** Promover a lectura comprensiva dos alumnos a través de textos de contido económico: pensamento económico, artigos de actualidade de prensa e de revistas especializadas.
- **Contribución ao Plan de Convivencia:** trataremos de aprender a convivir desde a responsabilidade, saber compartir materiais, recursos ou ideas, superando o conflito con diálogo.
- **Contribución ao Plan TIC,** realizaranse actividades como: a visualización de vídeos en diferentes formatos, gravacións feitas na aula sobre as tarefas realizadas, vídeos explicativos sobre as materias tratadas, consulta e procura de información en páxinas web.

### 7.5. Materiais e recursos didácticos

#### ➔ MATERIAIS:

- O material empregado dependerá fundamentalmente do tipo de contido que se esté a traballar:
  - Libros de consulta na Biblioteca.
  - Prensa diaria.
  - Outros materiais e recursos aportados polos propios alumnos ou polo profesorado.

## → RECURSOS DIDÁCTICOS:

- Equipamento da aula de informática: PDI, Canón proxector, ordenador portátil profesor e un Netbook por alumno.
- Biblioteca do centro.
- Uso e-mail para manter a comunicación profesor – alumno/a e alumno/a – alumno/a.
- Aplicacións didácticas online para a realización de actividades e cuestionarios: kahoot, socrative,...

## 8. AVALIACIÓN PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E TELEMÁTICA

### Avaliación inicial

- **Obxectivo:** identificar o nivel de partida dos alumnos/as para plantexar a unidade didáctica adaptada a este.
- **En que data se realizará?** Realizarase ao comezo de curso e ao inicio das diferentes unidades didácticas.
- **En que consistirá?** Probas tipo test, preguntas e respostas, fichas de observación ou rúbricas para valorar o nivel de partida.
- **Consecuencias dos resultados das probas e información ás familias:** Mediante estas probas detectaranse as dificultades de cada alumno/a para darlle unha atención individualizada e tomar desde o principio as medidas precisas de atención á diversidade e informar ás familias se é preciso.

### Avaliación continua

- **Periodicidade coa que se farán probas:**
  - En cada unidade didáctica realizarase polo menos unha proba teórico-práctica.
- **Como se cualifican as probas teórico-prácticas, os traballos individuais ou colectivos e a observación do traballo na aula?**
  - Todas as probas calificaranse de 0 a 10, redondeando á alza a partir de 0,6 puntos.
- **Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información:**
  - a. Para a observación na aula, ao longo do curso utilizaremos como instrumento un rexistro anecdótico a través dunha aplicación informática. Teremos en conta o seu caderno virtual e as actividades desenvolvidas no seu día a día.
  - b. Ademais da observación de aula, realizaranse **probas específicas** nas unidades didácticas desenvolvidas. Os procedementos e instrumentos de avaliación que utilizaremos serán examen tipo test.
- **Como se CALCULA A CUALIFICACIÓN de cada unha das avaliacións?** Os criterios de cualificación responderán ás seguintes porcentaxes:
  - a. 70%: probas escritas.
  - b. 30%:Traballo diario no caderno virtual/ participación/elaboración de traballos individuais.
  - Para superar cada avaliación haberá que acadar un 5 sobre 10 unha vez feita a media de todos os apartados. Redondearase á alza a partir de 0,6 puntos.
  - En caso de non superar unha avaliación, realizarase unha proba teórico/práctica de recuperación ao comezo do seguinte trimestre.

## Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO

### Metodoloxía

Alumnado cunha ou máis avaliacións suspensas: durante o período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño, realizará actividades de reforzo, apoio e recuperación, relacionadas cos contidos das avaliacións non superadas. Nestes días o alumnado poderá presentarse a probas prácticas e/ou teóricas, e de entregar, de ser o caso, as tarefas necesarias que lles permitan recuperar as avaliacións suspensas. A nota final, resultará da media ponderada das tres avaliacións. Alumnado con todas as avaliacións aprobadas: durante o período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño, realizarán actividades de ampliación, podendo presentarse tamén, de ser o caso a probas prácticas e/ou teóricas. Estas actividades e probas repercutirán nun incremento da

	nota de ata un punto sobre a media aritmética das tres avaliacións
Actividades tipo	Análise de documentais e/ou curtos, busca de información en páxinas web relacionadas coa materia, exposicións orais, expresión e producións escritas, entre outras que poidan ser adecuadas ao alumnado unha vez diagnosticados os problemas.
Materiais e recursos	O material empregado dependerá fundamentalmente do tipo de contido que se esté a traballar: apuntes, aula virtual, lecturas adaptadas, vídeos e outros recursos dispoñibles en liña.

## Avaliación final

- A avaliación ordinaria de xuño será a media das tres avaliacións, obtendo unha media de 5 sobre 10 para superar a materia. Redondearase á alza a partir de 0,6 puntos.

## Organización das actividades de recuperación e avaliación de pendentes

- Realizarase un **programa de reforzo e recuperación** a través dun caderno ou conxunto de traballos teórico-prácticos tendo en conta os estándares do curso académico pendente que deberá entregar de forma periódica.
- Se non supera o programa, o alumno/a deberá presentarse a unha **proba no mes de maio** de carácter teórico que será cualificada de 0 a 10, tendo que acadar un 5 como mínimo para aprobar

## 9. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

### Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

### Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				

4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 10. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

- **Periodicidade coa que se revisará:** revisarase oa final de cada avaliación, ao final do curso escolar, así como nas diferentes reunións de departamento que terán lugar ao longo do curso escolar.
- **Medidas que se adoptarán como resultado da revisión:** Adaptarase a secuenciación dos contidos ás circunstancias particulares da práctica docente do presente curso, sen deixar de traballar e avaliar todos os estándares de aprendizaxe. [1][2]

### Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto.				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				

22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

## 11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 11.1. Medidas ordinarias e extraordinarias

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> <li>Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.</li> <li>a) Tempos diferenciados: darlle un maior tempo para realizar as probas prácticas.</li> <li>b) Espazos diferenciados.</li> <li>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados: Empréganse outros recursos complementarios como fichas de traballo ou exercicios de reforzo.</li> <li>Reforzo educativo: adecuar a linguaxe ao nivel de comprensión dos alumnos; buscar actividades alternativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? Non hai exemplos concretos, mais dependendo das necesidades e dificultades do alumnado emprégase de xeito habitual a tutoría entre iguais para facilitar o seguimento do ritmo do grupo.</li> </ul>

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesorado encargado de impartir docencia no grupo de referencia están en permanente contacto coa docente encargada de impartir PT favorecendo así a coordinación entrambos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non hai alumnado con adaptación curricular neste grupo-clase. En todo caso as adaptacións curriculares na materia refírense a aquelas adaptacións que van requirir unha modificación parcial do currículo e que vai vir determinada por aqueles alumnos/as con serias dificultades cognitivas que lles impiden o seguimento normal das actividades. Farase tendo en conta o informe médico e as prescricións correspondentes.</li> </ul>

## 11.2. Aspectos xerais

Partimos da idea xeral de que cada alumno/a é diferente aos demais; os aprendizaxes previos, o nivel de maduración, a situación persoal e familiar e os factores xenéticos son algúns aspectos que poden marcar diferenzas entre os alumnado á hora de aprender, e de aí que a aprendizaxe se desenvolva de modo individualizado, de maneira que cada cal observe a súa propia progresión.

En relación á atención á diversidade do alumnado terase en conta a organización de actividades de reforzo ou apoio e de ampliación, que lles permitirán o seguimento do ritmo da clase ao igual que o resto dos seus compañeiros/as. En casos máis significativos, poderase establecer unha **adaptación curricular**.

Como medidas xerais estableceremos as seguintes:

- Atención personalizada en función das necesidades de cada un.
- Procurar que todos os alumnos e alumnas alcancen similares obxectivos, partindo da non discriminación e non separación en función das condicións de cada estudante.
- Buscaremos a máxima normalidade con propostas o máis cercanas posibles ao currículo ordinario e a maior atención individual.

Actividades ou estratexias que se utilizan na aula para atender á diversidade:

- Cambio de orde dos contidos.
- Programación de actividades de repaso.
- Flexibilización do tempo.
- Utilización de materiais diversos, en función do nivel do alumno: outros libros, tarxetas, xogos didácticos, fichas de reforzo, fichas de ampliación.
- Priorizar métodos que favorezan a expresión, a reflexión e a comunicación.
- Ofrecer actividades para que lles permitan conseguir éxito ante o grupo.
- O tratamento destes alumnos e alumnas con dificultades farase sempre en coordinación cos profesores especialistas e o equipo de orientación.

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Trataremos de realizar visitas a empresas e comercios locais para experimentar de primeira man o tecido produtivo do concello de Laxe.

## 13. DATOS DO DEPARTAMENTO

<b>Materia</b>	<b>Curso</b>	<b>Grupo</b>	<b>Profesor</b>
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	4º	A	Antonio Varela Magariños